



## X MEMORIAL LITO 18 DE XUÑO DE 2016 ESTADIO DO COUTO OURENSE



**ORGANIZA:** ASOCIACIÓN EX – JUGADORES DE C.D. OURENSE.

**PATROCINAN:** Consello Municipal de Deportes, Concello de Ourense, Deputación Provincial, Secretaría Xeral para o Deporte e UD.Ourense

**DATA:** 18 de xuño de 2016

**LUGAR:** ESTADIO DO COUTO (dous campos de herba natural).

### **B A S E S E N O R M A S**

- 1) O torneo conta coa participación dos seguintes equipos: [U.D. Ourense](#)., [Ourense CF](#) , [U.D. Barbadás](#), [Porriño Industrial C.F.](#), [C.D. Lugo](#) , [C.P. Calasancio](#), [C.D. Velle](#), [Pabellón Ourense C.F.](#), [Arenteiro C.F.](#), [Sporting Celanova](#) , [S.D. PONFERRADINA](#), [EDO](#) .
- 2) Poderán participar nel aqueles xogadores nados nos anos naturais de **2004 e 2005**, é dicir, deportistas con licenza federativa **ALEVÍN** tramitada pola Federación Galega de Fútbol e coa súa correspondente Mutualidade Deportiva, na tempada 2015-2016.
- 3) A competición desenvolverase de acordo ao calendario de competición que se anexa a estas bases e normas.
- 4) A duración dos partidos será de VINTECINCO MINUTOS sen descanso.
- 5) O lugar de quecemento estará situado na zona de Grada de fondo do Estadio do Couto. Os equipos non poderán acceder ao terreo de xogo ata o remate do partido anterior.
- 6) No caso de que ao cabo da primeira fase rexistrara empate en calquera dos grupos entre dous ou tres equipos na suma de puntos (3 por partido gañado e 1 por empate), resultará vencedor aquel conxunto que obteña maior diferenza de goles entre os anotados e os encaixados. No caso de persistir a igualdade, gañará aquel que máis tantos marque e se segue o empate, proclamarase vencedor aquel que encaixe menos goles. Se despois de todas estas circunstancias non se resolve a situación, resultará vencedor o equipo que gañase o partido directo, no caso de ser dous afectados.
- 7) Na fase de eliminatorias os empates resolveranse co lanzamento dunha rolda de 3 penaltis por equipo. De persistir a igualada seguirase a rolda ao fallo.
- 8) Os equipos deberán entregar á Organización o listado de xogadores ( [anexo I](#) ) e ter as licencias federativas dos xogadores que van a participar no campionato para calquera posible consulta.
- 9) A organización establece trofeos para os tres primeiros equipos clasificados e medallas para tódolos participantes, un trofeo para o mellor porteiro, e un trofeo para o mellor xogador .
- 10) Os xogadores que resulten expulsados con cartón VERMELLO DIRECTO poderán participar no seguinte partido salvo que o Comité de Competición estime que a sanción sexa maior según a gravidade do acto.
- 11) Coa finalidade de solucionar as posibles coincidencias nas cores das camisetas entre dous equipos, **é obrigatorio** que cada club veña provisto de **dúas equipaxes de diferentes cores**.
- 12) Os clubs participantes **deberán estar inexcusablemente presentes na entrega de trofeos** que se realizará unha vez rematado o partido da final.





## X MEMORIAL LITO 18 DE XUÑO DE 2016 ESTADIO DO COUTO OURENSE



- 13) A participación dos clubs no torneo supón a ACEPTACIÓN de todas estas normas.

### A Organización

